

IRONÍAS HUMANAS



As persoas somos seres extremadamente complexos e impredecibles. A realidade é demasiado sinxela para as nosas mentes polo que sempre tendemos a complicalas ata extremos insospeitados. Somos capaces de ser tan egoístas como para desexarlle o despido ao noso compañeiro de traballo da mesa do lado e, ao mesmo tempo, tan solidarios como para ir axudar, sen dubidalo nin un segundo, a catástrofes como a do Prestige ou en dar desinteresadamente cartos para vítimas coma as do maremoto de Asia.

Pero as nosas contradicións non rematan, nin moito menos, aquí. Estamos tan preocupados polo que os demais pensen de nós que nos

agochamos tras unha máscara na que pintamos o que queremos que vexan e non o que realmente somos. Algúns optan por ser o máis diferentes posibles para así evitar que se pense deles que non son máis ca meras fotocopias. Outros, pola contra, intentan non saírse dos patróns establecidos por medo tamén a ser considerados bichos raros. E todos, por suposto, baixo o lema de: «Eu son libre e fago o que quero». Por suposto; ante a lei todos somos cidadáns libres, pero ante a sociedade somos simples escravos. Nunca nos conformamos co que temos. Ademais case ninguén está de acordo cos valores da nosa sociedade. Todos coincidimos en que o

consumismo non é bo, en que as guerras non conducen a ningures e en que as diferenzas entre clases aínda son moi grandes. Véxase isto en que compramos case por adicción, e sempre con ánimo de ter máis có próximo, facemos guerras para impoñer o noso poder sobre este e en definitiva, precisamos das clases para aspirar a sentirnos superiores a el. Sen embargo non facemos absolutamente nada por cambiar este mundo e limitámonos a acomodarnos a el o mellor que podemos e a sacarlle o maior beneficio posible.

Agora estarás pensando: «Non sei de que falas, eu non son así». Pero recapacita ¿De verdade que nunca sentiches envexa? ¿E tampouco odio? ¿E cobiza? Se non os sentiras non serías humano porque por máis que queiramos, estes sentimentos existiron dende sempre e iso non vai cambiar nunca.

A verdade é que o mundo en si é unha contradición e ata a propia escritura deste artigo se converte nunha ironía xa que nel critico cousas que eu mesma fago e que nin sequera sei por onde empezar a cambialas. Pero concienciarse xa é un principio.



O DEREITO DE VIVIR...EN PAZ



O militar estivera moi ocupado berrando ordes polo micrófono e proferindo ameazas. Era un home alto, loiro, bastante bo mozo e evidentemente gozaba co papel que lle asignaran; pavoneábase dun lado ao outro. Algúns detidos xa o alcumaran "o príncipe"

No momento en que Víctor case tropezou con el, o oficial deu sinais de recoñecelo, sorriu ironicamente, imitou o acto de tocar a guitarra, riu e a continuación pasoulle rapidamente o dedo polo pescozo. Víctor permaneceu quedo e fixo algún xesto de resposta, pero o oficial berrou "¿Que fai aquí este fillo de puta?". Chamou aos gardas, que o acompañaran e engadiu "Non permitan que se mova de aquí. Este resérvoos"

Despois Víctor foi trasladado ao soto, onde se ve fugazmente nun corredor, o mesmo no que con tanta frecuencia se preparara para cantar, agora cuberto con sangue e deitado no chan cuberto de ouriños e excrementos.

Pola noite devolvérono á

ULTIMO POEMA DE VICTOR JARA

Somos cinco mil
En esta pequeña parte de la ciudad.
Somos cinco mil
¿Cuántos seremos en total
en las ciudades y en todo el país?
Solo aquí, diez mil manos que siembran
y hacen andar las fabricas.
Cuanta humanidad
Con hambre, frío, pánico, dolor
Presión moral, terror y locura.
Seis de los nuestros se perdieron
En el espacio de las estrellas.
Un muerto, un golpeado como jamás creí
Se podría golpear aun ser humano.
Los otros cuatro quisieron quitarse todos los temores
Saltando al vacío,
Otro golpeándose la cabeza contra el muro,
Pero todos con la mirada fija en la muerte.
¡Qué espanto causa el rostro del fascismo!
Llevan a cabo sus planes con precisión artera
Sin importarles nada.
La sangre para ellos son medallas.
La matanza es acto de heroísmo.
¿Es éste el mundo que creaste, Dios mío?
¿Para esto tus siete días de asombro y de trabajo?
En estas cuatro murallas sólo existen un número
Que no progresa,
Que lentamente querrá más la muerte.
Pero de pronto me golpea la conciencia
Y veo esta marea sin latido,
Pero con el pulsote las maquinas
Y los militares mostrando su rostro de matrona
Lleno de dulzura.
¿Y México, Cuba y el mundo?
¡Que griten esta ignominia!
Somos diez mil manos menos
Que no producen.
¿Cuántos somos en toda la patria?
La sangre del compañero Presidente
Golpea más fuerte que bombas y metrallass.
Así golpeará nuestro puño nuevamente.
¡Canto qué mal me sales
cuando tengo que cantar espanto!
Espanto como el que vivo
Como el que muero, espanto.
De verme entre tanto y tantos
Momentos del infinito
En que el silencio y el grito
Son las metas de este canto.
Lo que vi,
Lo que he sentido y lo que siento
Hará brotar el momento..

ESTADIO DE CHILE (SETEMBRO DE 1973)